

Criterios de Avaliación / Corrección

CONVOCATORIAS DE XUÑO E SETEMBRO

Primeira pregunta: realización dun resumo dos puntos máis importantes do texto. Máximo 50 palabras (1 punto).

Segunda pregunta: require que o alumnado busque palabras ou grupos de palabras no texto que corresponden no seu significado a unha palabra ou definición dada no exame: "Find words or phrases in the text that correspond in meaning to the words and definitions given here" (0,25 x 4 = 1 punto).

Terceira pregunta: transformación dunha parte ou o total dunha frase tirada do texto noutras palabras para que signifique o mesmo. Constará de catro partes, cunha puntuación de 0,5 punto para cada parte (4 x 0.5 = 2 puntos).

Cuarta pregunta: dúas preguntas baseadas no tema do texto. As respostas deben demostrar que o alumno o entendeu correctamente. Constará de dúas partes, cunha puntuación de 1 punto para cada parte (2 x 1 = 2 puntos).

Quinta pregunta: unha pregunta acerca dun tema relacionado co tema do texto. A resposta, en forma de redacción, narrativa, carta ou doutro tipo, debe conter, aproximadamente, 120 palabras (3 puntos).

Sexta pregunta: proba de audición. Dez preguntas de tipo de test (multiple choice) acerca dun texto auditivo, cunha puntuación de 0,1 para cada resposta, facendo un total de 1 punto. (1 punto)

- Terase en conta a comprensión, a expresión e a corrección escritas. Por unha parte, o corrector/a valorará se existe unha comprensión total ou parcial do texto por parte do alumnado. Por outra parte, o corrector terá en conta a capacidade do alumno para se comunicar de forma efectiva (avaliación da súa competencia comunicativa), a coherencia e a ordenación lóxica na exposición das ideas, a riqueza do léxico, sen esquecer a expresión gramatical correcta (competencia lingüística) das respostas.
- Se existise unha comprensión total do texto e unha expresión gramatical correcta, a puntuación será máxima, sempre que o alumno introduza elementos expresivos persoais dunha certa complexidade léxico-sintáctica.
- Se existise unha comprensión total do texto, mais a expresión non fose gramaticalmente correcta, faranse as deducións oportunas, que dependerán da gravidade da incorrección ou do erro. As deducións faranse, entón, axustándose á importancia cualitativa do erro e do número de erros que se cometan na mesma pregunta. A modo orientador, os erros de expresión básicos (faltas de concordancia, indebida ou inexacta orde de palabras, erros na formación de interrogativas ou negativas etc.) serán penalizados de forma considerable.
- Se a comprensión for parcial, a puntuación máxima asignada á pregunta verase reducida de acordo coa gravidade da falta de comprensión.
- Se non houber ningunha comprensión, a pregunta non pode ter ningún tipo de cualificación positiva.
- Os erros ortográficos puntuaranse negativamente de acordo co seu número e importancia (serán máis graves en palabras básicas da lingua inglesa). Un erro repetido na mesma palabra só se penalizará unha vez.
- Se se transcribise literalmente un fragmento do texto como resposta a todas ou a unha das preguntas, aínda que este fragmento estivese relacionado co contido da pregunta, valorarase cunha puntuación máxima do 50% do total atribuíble á puntuación correspondente a cada pregunta ou cuestión, así que debe interpretarse que non necesariamente a puntuación debe ser un 0,5.
- Na quinta pregunta (proba de redacción) a nota final outorgarase segundo a medida na que o alumnado cumpra os seguintes parámetros:
 - a) Alcance: o alumno aborda adecuadamente o tema proposto. Sabe comunicar as ideas que quere transmitir utilizando unha considerable variedade de recursos. Sabe utilizar o rexistro lingüístico adecuado á situación.
 - b) Riqueza e control do vocabulario.
 - c) Corrección gramatical: o alumno ten un repertorio básico de elementos lingüísticos e de estratexias que lle permiten abordar o tema con comodidade. Non comete erros gramaticais básicos, como, por exemplo, omitir o suxeito diante dun verbo, omitir o "-s" da 3ª persoa do

Criterios de Avaliación / Corrección

singular do presente habitual (*he writeS*), utilizar adxectivos en plural, usar incorrectamente os adxectivos posesivos e demostrativos, non dominar os tempos verbais e outros.

d) Fluidez: o alumno posúe un dominio da lingua inglesa axeitado e suficiente para evitar cortes na comunicación ou malentendidos.

e) Cohesión: o alumno é capaz de organizar as súas ideas para redactar un texto coherente e ben estruturado. Utiliza adecuadamente os conectores e demais medios de cohesión.